

SAÚDA DO PRESIDENTE FEGAMP



Acollo con grande entusiasmo e maior agradecemento persoal a invitación que me fan chegar as amigas e amigos da Festa do Viño da Ulla. Cúmpreme trasladar á organización e aos produtores o recoñecemento a este exemplar esforzo de valorización do sector vitivinícola da comarca.

Como Presidente da Fegamp e como alcalde de Ames quero expresar a miña fonda admiración aos veciños da Ribeira do Ulla e manifestarlles a felicitación dos alcaldes e das alcaldesas de Galicia polas altas cotas de calidade que ten acadado o produto do seu traballo nun mercado tan esixente e competitivo como é o sector do viño.

É froito do tesón do empresariado e do esforzo dos traballadores este filón de ouro líquido que mana das ladeiras dos montes que se divisan desde o altivo Pico Sacro. A incorporación á Denominación de Orixe Rías Baixas e o recoñecemento acadado polos seus caldos nos mercados máis selectos e especializados rachan coa imaxe de viños "fracos e acedos" como os definira Cunqueiro ata lucir o galardón de Viños Universais, que agora lle dispensan os críticos.

Xogan un especial papel neste tránsito cara a madurez dos viños da Ulla os trinta anos de festa que se conmemoran nesta ocasión. Mención especial merecen pois as pioneiras e pioneiros de San Miguel de Sarandón que apostaron pola exaltación dos caldos e produtos da comarca coa chegada da primavera. Unha proposta cultural coa pegada antropolóxica existente nas labores colectivas relacionadas cos froitos da terra. Unha acción de marketing que sen dúbida volatilizou calquera previsión orixinaria e unha aposta de cohesión e desenvolvemento territorial que soubo superar os localismos fronteirizos.

Paga a pena levantar a copa, alzar a cunca ou arrimar os beizos á totémica bota que atrae á mocidade ao epicentro desta romaría, para brindar pola continuidade e o éxito futuro desta festa.

Carlos A. Fernández Castro
Presidente da FEGAMP